



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 13
9 de setembro de 2020

CSV: BOPGDSPGuceWmCzHd4

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 8 de setembro de 2020, polo que se convoca o procedemento ordinario de recoñecemento de grao de carreira profesional para os empregados e as empregadas da Administración do Parlamento de Galicia [2837](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

■ Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 8 de setembro de 2020 [2841](#)



3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 8 de setembro de 2020, polo que se convoca o procedemento ordinario de recoñecemento de grao de carreira profesional para os empregados e as empregadas da Administración do Parlamento de Galicia

A Mesa da Cámara aprobou o 17 de decembro de 2018 as Normas básicas da carreira profesional do persoal da Administración parlamentaria (BOPG núm. 401, do 19 de decembro de 2018). No artigo 7 das anteditas normas establécese que se convocará anualmente, no primeiro cuadrimestre, o procedemento de recoñecemento de grao de carreira profesional para as empregadas e os empregados públicos incluídos no seu ámbito de aplicación. Conforme a disposición transitoria segunda, no segundo semestre do ano 2020 terá lugar a primeira convocatoria do proceso ordinario do grao II.

Pola situación excepcional do estado de alarma sanitaria pola covid-19, non foi posible realizar no primeiro cuadrimestre a convocatoria do proceso ordinario do grao I de 2020, polo que se considera oportuno realizar a convocatoria, xunto coa do grao II, neste segundo semestre do ano.

Xa que logo, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Abrir o prazo de presentación de solicitudes do proceso ordinario para o recoñecemento do grao I de carreira profesional, segundo se establece no artigo 7 das normas básicas. Esta convocatoria está dirixida ao persoal funcionario e laboral que se encontre en servizo activo, ou en calquera das situacións que comporten reserva de praza ou posto de traballo, no momento desta convocatoria.

Para poder perfeccionar o grao I de carreira profesional retribuído, a empregada ou empregado público, segundo se establece no apartado 3 do artigo 4 das normas básicas, deberá reunir os seguintes requisitos:

a) Contar con cinco anos de permanencia no grao inicial de carreira profesional. Este grao inicial, que non comporta retribución, realízase de forma automática dende a toma de posesión como persoal funcionario ou persoal laboral da Cámara.

b) Acadar unha avaliación favorable, realizada segundo as Normas reguladoras da avaliación do desempeño do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia, aprobadas por acordo da Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia, na sesión do día 14 de febreiro de 2020 (BOPG núm. 608, do 18 de febreiro de 2020).

c) Acreditar unha formación mínima de 90 horas para o persoal do grupo A, de 80 horas para o persoal do grupo B e de 60 horas para o persoal dos grupos C e D, en calquera dos ámbitos relacionados coas funcións e actividades que se desenvolven na institución, incluída a participación en tribunais de selección ou comisións de valoración de procesos de selección ou ter impartido formación nas dependencias parlamentarias ou fóra delas.

A formación válida para acadar o grao I de carreira profesional deberá ser realizada durante o tempo de prestación de servizos no grao inicial de carreira profesional e ter participado con apro-



veitamento na formación impartida no Parlamento de Galicia ou por escolas oficiais de formación das comunidades autónomas, universidades, administracións públicas ou por outras entidades, sempre que, neste último caso, conten con homologación oficial de escolas públicas.

2º. Abrir o prazo de presentación de solicitudes para o proceso ordinario de recoñecemento do grao II de carreira profesional, segundo se establece na disposición transitoria segunda das normas básicas. Esta convocatoria está dirixida ao persoal funcionario e laboral que se encontre en servizo activo, ou en calquera das situacións que comporten reserva de praza ou posto de traballo, no momento desta convocatoria.

Para poder perfeccionar o grao II de carreira profesional retribuído, a empregada ou empregado público, segundo se establece no apartado 3 do artigo 4 das normas básicas, deberá reunir os seguintes requisitos:

a) Contar con cinco anos de permanencia no grao persoal I de carreira profesional. O persoal funcionario e laboral fixo que estivese en servizo activo na Administración do Parlamento de Galicia e que acredite ter adquirida a condición, funcionario ou laboral, en calquera administración pública anterior ao 31 de decembro de 2011 quedará exonerado deste requisito de permanencia.

b) Acadar unha avaliación favorable, realizada segundo as Normas reguladoras da avaliación do desempeño do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia, aprobadas por acordo da Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia, na sesión do día 14 de febreiro de 2020 (BOPG núm. 608, do 18 de febreiro de 2020).

c) Acreditar unha formación mínima de 95 horas para o persoal do grupo A, de 85 horas para o persoal do grupo B e de 65 horas para o persoal dos grupos C e D, en calquera dos ámbitos relacionados coas funcións e actividades que se desenvolven na institución, incluída a participación en tribunais de selección ou comisións de valoración de procesos de selección ou ter impartido formación nas dependencias parlamentarias ou fóra delas.

A formación válida para acadar grao II de carreira profesional deberá ser formación realizada con aproveitamento e impartida no Parlamento de Galicia ou por escolas oficiais de formación das comunidades autónomas, universidades, administracións públicas ou por outras entidades, sempre que, neste último caso, conten con homologación oficial de escolas públicas. Nesta formación non se poderá incluír a que xa se acreditou para obter o grao I, mais segundo a disposición transitoria primeira das normas de referencia manteranse indemnes os restantes méritos cos que conte a persoa empregada pública, que poderá empregar para o inmediato grao II.

3º. As solicitudes realizaranse utilizando os formularios que se achegan con esta convocatoria, que se deberán presentar no Rexistro do Parlamento xunto coa copia compulsada do documento que acredita a formación esixida, se non consta xa na Administración parlamentaria. O prazo de presentación de solicitudes remata o mércores 30 de setembro de 2020 ás 14.00 horas.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



ANEXO

PROCESO ORDINARIO DE IMPLANTACIÓN DA CARREIRA PROFESIONAL NO PARLAMENTO DE GALICIA

SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO DO GRAO I (artigo 7 das Normas que regulan a carreira profesional horizontal do persoal ao servizo do Parlamento de Galicia)

NOME E APELIDOS:		
DNI:	Data da toma de posesión no Parlamento*	Servizos noutra Administración ** Si <input type="checkbox"/>
CORPO OU ESCALA E GRUPO:		UNIDADE ADMINISTRATIVA:

*no caso do persoal laboral, a data do inicio da súa relación laboral co Parlamento de Galicia

**en caso afirmativo xuntarase certificado de servizos

Solicita á Mesa do Parlamento o recoñecemento do GRAO I da carreira profesional.

Relación de cursos de formación, actividades formativas impartidas, tribunais ou comisións de valoración en que participou, que xustifican a formación mínima exixida e que se vinculan ao grao I, indicando o número de horas de cada unha delas e se xa constan acreditadas na Administración parlamentario ou se achega copia compulsada do documento acreditativo da súa realización.

Actividade formativa	horas	acreditación compulsada	consta na A. P.

Data:

Sinatura do/a interesado/a

Os datos de carácter persoal que se faciliten nesta solicitude quedarán rexistrados nun ficheiro da Administración do Parlamento de Galicia, de conformidade co establecido no Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e segundo o rexistro de actividade de tratamento denominado «xestión de procedemento de persoal» do Parlamento de Galicia. **Finalidade do tratamento:** o Parlamento trata datos de carácter persoal para efectos de xestión e administración dos recursos humanos do Parlamento de Galicia. O tratamento dos datos de carácter persoal limitarase ao mínimo imprescindible para o cumprimento das súas funcións ao servizo desta administración. Os datos persoais non serán tratados de maneira incompatible cos ditos fins nin para a adopción de decisións automatizadas, incluída a elaboración de perfís. **Lexitimación:** o cumprimento de obrigas legais e exercicio de poderes públicos segundo o disposto no art. 6.1 c) do RXP. **Destinatarios:** a Administración do Parlamento de Galicia. Non está prevista a cesión destes datos a terceiros. **Exercicio de dereitos:** as persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade dos datos ou oposición ao tratamento, a través dos formularios: http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/ProteccionDeDatos/FOR.DPD.0001.PUB_formulario_proteccion_datos.pdf, que se poderán remitir ao enderezo de correo e-: pdcp@parlamentodegalicia.gal



PROCESO ORDINARIO DE IMPLANTACIÓN DA CARREIRA PROFESIONAL NO PARLAMENTO DE GALICIA

SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DO GRAO II

(Disposición transitoria segunda das Normas que regulan a carreira profesional horizontal do persoal ao servizo do Parlamento de Galicia)

NOME E APELIDOS:			
DNI:	Data da toma de posesión no Parlamento*	Servizos noutra Administración ** <input type="checkbox"/>	Data recoñecemento do grao I
CORPO OU ESCALA E GRUPO DE CLASIFICACIÓN:		UNIDADE ADMINISTRATIVA:	

*no caso do persoal laboral, a data do inicio da súa relación laboral co Parlamento de Galicia

**en caso afirmativo xuntarase certificado de servizos

Solicita á Mesa do Parlamento o recoñecemento do GRAO II da carreira profesional.

Relación de cursos de formación, actividades formativas impartidas, tribunais ou comisións de valoración en que participou, que xustifican a formación mínima exixida e que se vinculan ao grao II, indicando o número de horas de cada unha delas e se xa constan acreditadas na Administración parlamentario ou se achega copia compulsada do documento acreditativo da súa realización.

Actividade formativa	horas	acreditación compulsada	consta na A. P.

Data:

Sinatura do/a interesado/a

Os datos de carácter persoal que se faciliten nesta solicitude quedarán rexistrados nun ficheiro da Administración do Parlamento de Galicia, de conformidade co establecido no Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e segundo o rexistro de actividade de tratamento denominado «xestión de procedemento de persoal» do Parlamento de Galicia. **Finalidade do tratamento:** o Parlamento trata datos de carácter persoal para efectos de xestión e administración dos recursos humanos do Parlamento de Galicia. O tratamento dos datos de carácter persoal limitarase ao mínimo imprescindible para o cumprimento das súas funcións ao servizo desta administración. Os datos persoais non serán tratados de maneira incompatible cos ditos fins nin para a adopción de decisións automatizadas, incluída a elaboración de perfís. **Lexitimación:** o cumprimento de obrigas legais e exercicio de poderes públicos segundo o disposto no art. 6.1 c) do RXP. **Destinatarios:** a Administración do Parlamento de Galicia. Non está prevista a cesión destes datos a terceiros. **Exercicio de dereitos:** as persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade dos datos ou oposición ao tratamento, a través dos formularios:

:http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/ProteccionDeDatos/FOR.DPD.0001.PUB_formulario_proteccion_datos.pdf, que se poderán remitir ao enderezo de correo e-: pdc@parlamentodegalicia.gal



4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 8 de setembro de 2020

Advertido un erro material, na relación das preguntas para resposta oral, admitidas pola Mesa do Parlamento na reunión do 8 de setembro de 2020 e publicadas no fascículo 2 do BOPG número 12, do 8 de setembro, procédese á súa corrección nos seguintes termos.

Nas páxinas 2470 e 2484, onde di:

«- 1256 (11/POC-000192)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento que se lles está a dar, no caso da subvención concedida para o Museo do Mar de Noia, aos requisitos establecidos na Orde da Consellería do Mar do 24 de maio de 2016 e aos obxectivos marcados na solicitude presentada polo Concello, así como sobre a valoración que fai da situación actual do material recollido durante anos»

Debe dicir:

«- 1256 (11/POC-000192)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis


Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento que se lles está a dar, no caso da subvención concedida para o Museo do Mar de Noia, aos requisitos establecidos na Orde da Consellería do Mar do 24 de maio de 2016 e aos obxectivos marcados na solicitude presentada polo Concello, así como sobre a valoración que fai da situación actual do material recollido durante anos»

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2020

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

